

Convocatoria extraordinaria 2024  
LITERATURA DRAMÁTICA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.***

**PREGUNTA 1. Desenvolva unha das dúas cuestións. / Desarrolle una de las dos cuestiones:**

**1.1. Defina e desenvolva a función do protagonista e do antagonista nunha obra dramática e exemplifique con alguna obra ou obras lidas ou vistas na clase. / Defina y desarrolle la función del protagonista y del antagonista en una obra dramática y ejemplifique con alguna obra u obras leídas o vistas en clase. (5 puntos).**

**1.2. Elabore unha escena partindo da seguinte noticia periodística. / Elabore una escena partiendo de la siguiente noticia periodística (5 puntos):**

**Una mujer da a luz en un andén de la estación de Sants de Barcelona**

*El parto ha sido asistido por agentes de los Mossos d'Esquadra*

Agencias.

Barcelona – 01 ENE 2024

Una dotación de los Mossos d'Esquadra ha asistido este lunes a una mujer que se ha puesto de parto en un andén de la estación de Sants de Barcelona, donde ha dado a luz a una niña que se llamará María del Carmen y que se encuentra en buen estado de salud, igual que la madre. Fuentes de la policía catalana han explicado a EFE que, hacia las 10:30 horas de hoy, han recibido el aviso de que había una mujer embarazada en Sants que no se encontraba muy bien. Tras llegar hasta el lugar, los agentes han asistido a la mujer, que ha dado a luz a la niña en el andén, hasta donde ha llegado, asimismo, una dotación del Servicio de Emergencias Médicas (SEM).

Madre e hija han sido trasladadas hasta un centro hospitalario, en buen estado de salud. A través de su cuenta de X (antes Twitter), los Mossos d'Esquadra han señalado que se trata de "una buena noticia para empezar este 2024". *(El País, 01/01/2024).*

**Unha muller dá a luz nunha plataforma da estación de Sants en Barcelona**

*O parto foi asistido por axentes dos Mossos d'Esquadra*

Axencias.

Barcelona – 01 XAN 2024

Un equipo dos Mossos d'Esquadra asistiu este luns a unha muller que se puxo de parto nunha plataforma da estación de Sants de Barcelona, onde deu a luz a unha nena que se vai chamar María del Carmen e que goza de boa saúde, igual que a nai. Fontes da policía catalá explicaron a EFE que, sobre as 10:30 horas de hoxe, recibiron o aviso de que había unha muller embarazada en Sants que non se atopaba moi ben. Tras chegaren ao lugar, os axentes asistiron á muller, que deu a luz á nena na plataforma, onde tamén acudiu un equipo do Servizo de Urgencias Médicas (SEM).

Nai e filla foron trasladadas a un hospital, con boa saúde. A través da súa conta X (antigo Twitter), os Mossos d'Esquadra indicaron que se trata dunha "boa noticia para comezar o 2024" *(El País, 01/01/2024)*

**PREGUNTA 2. Comente e analice o tema do seguinte fragmento engadindo unha reflexión crítica persoal. / Comente y analice el tema del siguiente fragmento añadiendo una reflexión crítica personal. (5 puntos).**

TOMÁS. — *(Turbado.)* Perdona. Mi Fundación aún me tiene atrapado. *(Se sienta.)*

ASEL. — No, tú ya has salido de ella. Y has descubierto una gran verdad, aunque todavía no sea la definitiva verdad. Yo la encontré hace años, cuando salí de una cárcel como ésta. Al principio, era un puro deleite: deambular sin trabas, beberme el sol, leer, disfrutar, engendrar un hijo... Pronto noté que estaba en otra prisión. Cuando has estado en la cárcel acabas por comprender que, vayas donde vayas, estás en la cárcel. Tú lo has comprendido sin llegar a escapar.

TOMAS. — Entonces...

ASEL. — ¡Entonces hay que salir a la otra cárcel! (Pasea.) ¡Y cuando estés en ella, salir a otra, y de ésta, a otra! La verdad te espera en todas, no en la inacción. Te esperaba aquí, pero sólo si te esforzabas en ver la mentira de la Fundación que imaginaste. Y te espera en el esfuerzo de ese oscuro túnel del sótano... En el holograma de esa evasión.

TOMÁS. — Me avergüenzo de haber delirado tan mal.

ASEL. — Estabas asustado... Te inventaste un mundo de color de rosa. No creas que demasiado absurdo... Estos presidios de metal y rejas también mejorarán. Sus celdas tendrán un día televisor, frigorífico. Libros, música ambiental... A sus inquilinos les parecerá la libertad misma. Habrá que ser entonces muy inteligente para olvidar que se es un prisionero. (Pausa.)

(Antonio Buero Vallejo, *La Fundación*. En *Obra Completa*, I Teatro, Madrid, Espasa Calpe, 1994, pp. 1487-1488)

**PREGUNTA 3. Desenvolva unha das dúas cuestións. / Desarrolle una de las siguientes cuestiones:**

**3.1. Jorge Dubatti (2015) en “Convivio y tecnovivio: el teatro entre infancia y babelismo” (*Revista Colombiana de Artes Escénicas*, 9, p. 44) sinala “Chamamos convivio teatral á reunión de artistas, técnicos e espectadores nunha encrucillada territorial e temporal cotiá (unha sala, a rúa, un bar, unha casa etc., no tempo presente), sen intermediación tecnolóxica que permita a subtracción territorial dos corpos no encontro. En tanto acontecemento, o teatro é algo que existe mentres sucede, e en tanto cultura vivente non admite captura ou cristalización en formatos tecnolóxicos”. Comente de forma crítica o significado deste fragmento e realice unha valoración persoal. / Jorge Dubatti (2015) en “Convivio y tecnovivio: el teatro entre infancia y babelismo” (*Revista Colombiana de Artes Escénicas*, 9, p. 44) señala “Llamamos convivio teatral a la reunión de artistas, técnicos y espectadores en una encrucijada territorial y temporal cotidiana (una sala, la calle, un bar, una casa, etc., en el tiempo presente), sin intermediación tecnológica que permita la sustracción territorial de los cuerpos en el encuentro. En tanto acontecimiento, el teatro es algo que existe mientras sucede, y en tanto cultura viviente no admite captura o cristalización en formatos tecnológicos”. Comente de forma crítica el significado de este fragmento y realice una valoración personal. (5 puntos).**

**3.2. Lembre unha fotografía da súa infancia e escriba unha escena dialogada na que fale co neno que foi e el lle replique. / Recuerde una fotografía de su infancia y escriba una escena dialogada en la que hable con el niño que fue y él le replique. (5 puntos).**

**PREGUNTA 4. Realice o comentario do seguinte texto (resumo da escena, análise do contido, personaxes, análise da forma e valoración crítica persoal). / Realice el comentario del siguiente texto (resumen de la escena, análisis del contenido, personajes, análisis de la forma y valoración crítica personal) (5 puntos).**

HAMLET

Ser ou non ser, esa é a cuestión.  
Se é máis nobre para o espírito  
sufrir os dardos e pedras da aldraxante  
fortuna  
ou armarse contra un mar de adversidades  
e, facéndolles fronte, pórilles fin. Morrer,  
dormir...  
máis nada; e dicir que cun sono acabamos  
cos sufrimentos e as mil feridas naturais  
que son a herdanza da carne. É un final  
ferventemente desexable. Morrer, dormir,  
dormir... quizais soñar. Si, ese é o atranco.  
Pois os soños que soñemos nese sono de  
morte,  
unha vez libres desta barafunda mortal,  
detéñennos. Ese é o pensamento  
que fai a desgraza tan duradeira.  
Quen aturaría os azoutes e mofas do mundo,  
a tiranía do opresor, a aldraxe do soberbio,  
as congoxas do amor rexeitado,  
a lentitude da xustiza,  
a insolencia do cargo e os desdés  
que o mérito paciente recibe dos indignos,

cando un mesmo podería liberarse  
cun simple puñal? Quen soportaría  
as pesadas cargas,  
o penar e suar dunha vida fatigosa  
se non fose que o medo ao que hai tras a  
morte,  
a rexión ignota de cuxas fronteiras  
ningún viaxeiro retorna, espanta o ánimo  
e nos fai soportar estes infortunios nosos  
antes que lanzarnos a outros que  
descoñecemos?  
A conciencia vólvenos covardes  
e así a cor natural da resolución  
esvaécese co verniz pálido do pensamento  
e empresas de gran calado e envergadura  
por este motivo torcen o seu curso  
e perden o nome de acción. Silencio.  
Ah, a fermosa Ofelia! Ninfa, nas túas oracións  
lembra os meus pecados.

(W. Shakespeare, *Hamlet*, trad. Miguel Pérez Romero, Edicións Laiovento, 2023, p. 103-105)